



O responsable do proxecto, Francisco Sónora, e a directora de O Feal, Dolores Graña, presentaron a iniciativa

SESIÓNS DIDÁCTICAS > Alumnos do colexio O Feal participaron nunha xornada do plan de sensibilización da Consellería de Medio Ambiente

// Climántica chega aos escolares de Narón //

REPORTAXE DE R.P.P.

■ Os escolares do colexio naranés de O Feal non voltarán empregar mal os termos tempo e clima. Ou polo menos, non deberían despois de ter participado no proxecto Climántica, posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Esa primeira lección aprendérona alumnos de terceiro e cuarto de ESO e de Garantía Social do CPI, obxectivo recentemente dunha das sesións didácticas que o programa inclúe na súa xira polos centros escolares galegos.

Pero que un cambio de tempo brusco non implique necesariamente un cambio climático ou que parte da variación poda ser debida a causas naturais, non quere dicir que non haxa que preocuparse e tomar medidas. A acción do ser humano está detrás de boa parte dos efectos prexudiciais sobre o planeta e por iso Climántica

MATERIAL

A Xunta distribúe 1.500 exemplares da unidade didáctica entre tódolos colexios de Galicia

busca dende o pasado mes de febreiro actuar pola base e formar e sensibilizar dende a escola. Oito unidades didácticas destinadas a Secundaria –este ano desenvolveranse catro: “Cambia o clima?”, “Se queimamos queimamos”, “O lixo tamén quenta” e “Cambios no clima e os cambios na auga”– 1.500 exemplares para distribuír entre tódolos colexios galegos e o DVD “Cambio no clima e os cambios na auga”, debían servir para afondar nesta concienciación.

Tamén as sesións desenvólvanse nos centros, como a do Feal, nas que se proxecta un vídeo no que entroutras moitas cousas, se mostran as evidencias deste cam-

bio climático, coma o aumento da temperatura global, o incremento do nivel do mar, e outros síntomas biolóxicos e xeolóxicos, trala que os rapaces tamén mostraron a súa curiosidade.

Nun coloquio posterior intereseáronse polas posibilidades tecnolóxicas para resolver o desexo dos polos ou para romper as moléculas de dióxido de carbono para formar osíxeno. E por se iso non funcionara e a situación do planeta empeorara moito, tamén preguntaron sobre as opcións de buscar planetas parecidos á Terra no resto do universo. Nunca estaría de máis.

máis

■ CLIMÁNTICA forma parte dun programa máis amplo dentro Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático posto en marcha polo actual goberno autonómico. O programa escolar, dirixido polo profesor Francisco Sónora, ten a súa propia web en www.climantica.org, onde se poden consultar as unidades didácticas e conta tamén un blog. Dende que se colgou na rede recibiu 10.153 visitas de usuarios de tódolos continentes.